

MATERIA

Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos  
(Mundo actual: Comprensión e evolución contemporánea)

TITULACIÓN

Grao en Xornalismo

unidade  
didáctica  
2

# Concepto de Política

Elena Rosalía Rodríguez Fontenla

Ciencia Política e da Administración  
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**DESCATALOGADO**

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2017

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

ISBN

978-84-16954-12-4

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416954124>

**MATERIA: Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos (Mundo actual: Comprensión e evolución contemporánea)**

**TITULACIÓN: Grao en Xornalismo**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

## **BLOQUE 1: INTRODUCCIÓN Á CIENCIA POLÍTICA**

### **Unidade I. Ciencia e política**

- O coñecemento da política
- Ciencia política normativa e empírica
- Institucionalización da ciencia política

### **Unidade II. Concepto de política**

- Concepto de política e a súa relación co concepto de poder
- Política e moral
- Ante a fin da política?

### **Unidade III. Estado e Sistema político**

- A política antes do Estado
- O Estado como organización política: elementos constitutivos. Formas de Estado
- O esgotamento do Estado
- O sistema político

## **BLOQUE 2: INSTITUCIÓNS E RESULTADOS**

### **Unidade IV. Democracia, Poliarquías e réximes non democráticos**

- Dende a democracia dos clásicos ás poliarquías contemporáneas
- O estado liberal-democrático: auxe e desgaste
- Novos modelos de democracia
- Réximes non democráticos

### **Unidade V. Distribución territorial do poder**

- Estados unitarios
- Estados compostos: Confederación, federación e autonomía
- Goberno multinivel e gobernanza

### **Unidade VI. Executivos e administracións**

- A noción de goberno e formas de goberno
- Organización
- Concepto e modelos de administración pública
- Executivos duais e Executivos monistas
- Os debates contemporáneos sobre o peso do executivo en detrimento do parlamento

**Unidade VII. Políticas públicas**

Concepto de políticas públicas, enfoques e teorías  
Fases do proceso e toma de decisións  
Condições económicas e sociais da actuación política

**Unidade VIII. Parlamentos e representación**

A representación no antigo réxime  
Representación moderna e o concepto de mandato representativo  
Estrutura, composición e funcións dos parlamentos

**Unidade IX. Sistema electoral**

Funcións das eleccións  
Características do sufraxio electoral democrático  
Condições do elector  
Deseño dun sistema electoral: os seus compoñentes  
Efectos do sistema electoral  
O sistema electoral español: principais atributos  
Liñas de debate actual na ciencia política

**Unidade X. Poder xudicial**

Elementos para o estudo do sistema de xustiza  
Aparato policial, fiscalía, xurado, outros operadores

**Unidade XI. Sistemas políticos comparados**

Sistema político galego e español  
Sistema político europeo  
Sistemas políticos: países europeos, Norteamérica e Canadá  
Sistemas políticos: América latina  
Sistemas políticos: Rusia, Asia, África

**BLOQUE 3: IDEAS E IDEOLOXÍAS POLÍTICAS E MOVEMENTOS POLÍTICOS E SOCIAIS****Unidade XII. Liberalismo**

Introdución ao estudo da ideoloxía política do liberalismo  
Contextos históricos e teóricos: os significados liberais de liberdade  
Liberalismo no século XXI

**Unidade XIII. Socialismo e comunismo**

Introdución ao estudo da ideoloxía política do socialismo  
Contextos teóricos e históricos: orixes do socialismo, Marx, Comunismo e socialdemocracia  
Socialismo e Comunismo no século XXI

**Unidade XIV. Anarquismo. Conservadorismo. Republicanismo. Comunitarismo**

Anarquismo  
Conservadorismo  
Republicanismo  
Comunitarismo

**Unidade XV. Fascismo. Fundamentalismos relixiosos. Populismos**

Fascismo  
Fundamentalismos relixiosos  
Populismos

**Unidade XVI. Nacionalismo. Multiculturalismo**

Nacionalismo  
Multiculturalismo

**Unidade XVII. Feminismo. Ecoloxismo. Antiglobalización**

Feminismo  
Ecoloxismo  
Antiglobalización

**BLOQUE 4: ACCIÓN POLÍTICA, ACTORES POLÍTICOS****Unidade XVIII Acción colectiva, grupos de interese e movementos sociais**

Acción colectiva, democracia e asociacións de intereses  
Modelos de acción colectiva  
Grupos de interese  
Os Movementos sociais: proceso decisorio, organización, medios de representación, descontento e acción

**Unidade XIX Partidos políticos**

Concepto de partido político  
Orixe e desenvolvemento e tipoloxías  
Funcións, estrutura interna, dirección e financiamento  
O sistema de partidos políticos

**Unidade XX Comunicación política e opinión pública**

Política e comunicación  
Proceso de comunicación  
Estratexias e campaña electoral  
Comunicación en masa e novas tecnoloxías  
Enquisas e sondaxes  
A opinión pública

**Unidade XXI Cultura política**

Concepto e estudo da cultura política  
A socialización política  
Funcións da cultura política

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### XUSTIFICACIÓN

### OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais

### A METODOLOXÍA

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Comentarios de texto
2. Comentarios críticos a partir do visionamento de documentais ou películas
3. Debates na aula
4. Outras

### OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Concepto de política e a súa relación co concepto de poder
  - 1.1. A definición do concepto de política
    - 1.1.1. Dificultades en torno á definición de “política” e “político”
    - 1.1.2. Algunhas definicións clásicas e da academia.
  - 1.2. Politics, Policy, Polity
  - 1.3. Política, Poder e Lexitimidade
    - 1.3.1. Política e Poder
    - 1.3.2. Poder e lexitimidade
2. Política e moral
  - 2.1. Un breve repaso polas nocións de política na historia do pensamento político
  - 2.2. Tres modelos diferentes de relación entre política e moral
  - 2.3. A noción dunha ética particular para a política
    - 2.3.1. Política e Razón do Estado
    - 2.3.2. Política e ética da responsabilidade
3. Ante a fin da política?
  - 3.1. A fin da política: unha realidade
  - 3.2. A fin da política: unha falsa alarma

### AVALIACIÓN

1. Avaliación procesual
2. Avaliación final

### BIBLIOGRAFÍA

### ANEXOS

1. Exemplos de textos
  - Comentario de Texto 1)
  - Comentario de Texto 2)
2. Exemplos de vídeos: visionamento dunha película

## PRESENTACIÓN

---

A presente Unidade Didáctica é a segunda das que constitúen o conxunto do programa docente da materia Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos, materia obrigatoria (código G3031V01) do primeiro curso do Grao de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela. A materia é impartida no primeiro semestre, e ten unha carga lectiva de 6 créditos ETCS no plan de estudos do grao. Un 50 % do horario ten carácter interactivo mentres que o 50 % é de tipo expositivo. A programación docente da materia estaría constituída por 21 unidades didácticas.

## XUSTIFICACIÓN

---

Esta unidade didáctica dedicarase ao estudo dos conceptos básicos da ciencia e a teoría política como o propio concepto de política, ou o de poder, autoridade e lexitimidade. Asemade centrarase nas teorías que estudan a política en tanto actividade humana en relación a dimensións como a moral e a ética en aras de asentar unha das moitas relacións que esixe a delimitación do concepto. Finalmente valorarase a pertinencia ou irrelevancia, no seo dos debates actuais da disciplina e do pensamento político e social, das diversas voces que anuncian a “fin da política” nas sociedades políticas contemporáneas.

Neste senso, a presente unidade didáctica recolle de maneira introdutoria unha serie de aspectos que serán desenvolto detalladamente nas restantes unidades didácticas. Isto é, preténdese comezar a reflectir sobre conceptos centrais que serán indirectamente obxecto de posterior afondamento ao estudar outros temas específicos da materia.

Asemade, o carácter dos coñecementos aprendidos en dita unidade constitúe unha base esencial para a comprensión e análise da política contemporánea que se esixe na formación especializada de todo xornalista e complementase cos contidos aprendidos en outras materias do grao como, sobre todo, Historia do mundo actual (1/1. FB)

Os contidos desta unidade didáctica diríxense ao alumnado de 1º ano do grao de xornalismo é constitúe unha materia de carácter obrigatorio dentro do plan de estudos do grao. A maior parte dos contidos desenvolveranse nunhas catro horas de docencia aproximadamente, das cales unha e media serán de carácter expositivo e as dúas e media restantes de carácter interactivo.

## OS OBXECTIVOS

---

### 1. Obxectivos xerais

Os obxectivos Xerais (**OX**) da materia «Institucións políticas e movementos sociais contemporáneos» son os seguintes:

O.X.1.- Coñecer e situar as principais teorías e paradigmas da ciencia política a través do estudo dos actores e as institucións políticas. Recoñecer algunhas das teorías e enfoques máis relevantes que xiran en torno a conceptos como política, poder, autoridade e lexitimidade.

O.X.2.- Comprender e assimilar os conceptos e nocións básicas para a análise do político e aprender a construír un marco teórico e interpretativo para dita análise.

O.X.3.- Comprender a diferenza entre analizar a política dende un enfoque normativo e un empírico e aprender a ser conscientes a nivel subxectivo da súa utilización.

O.X.4.- Comprender a importancia dos debates centrais da disciplina así como desenvolver a capacidade crítica para adoitara unha postura razoada sobre os mesmos.

O.X.5.- Desenvolver a capacidade de análise crítica da actualidade política dende a elaboración razoada e desapaixonada dos argumentos e posturas e fornecer o vocabulario básico para exercer o xornalismo especializado na política.

O.X.6.- Desenvolver a capacidade de reflexión crítica sobre calquera tema de interese da ciencia política e habilidade de elaborar argumentacións de calidade tanto no rexistro oral como escrito.

O.X.7.- Desenvolver a comprensión como actor político e cidadá dende o perfeccionamento dos medios para o fornecemento das habilidades necesarias para un debate público e democrático de calidade.

O.X.8.- Introducción ás teorías sobre o poder e a súa lexitimación, a relación entre moral e política e comprender a complexidade do concepto de política.

O.X.9.- Coñecer os conceptos fundamentais para a análise dos procesos e estruturas políticas e administrativas en especial no que atinxe os diferentes tipos de réximes e formas de goberno e tipos de estado.

O.X.10.- Coñecer as teorías principais sobre a relación política, a cidadanía, a acción política e adquirir unhas nocións fundamentais para comprender a natureza dos principais actores políticos: partidos, grupos de presión, medios de comunicación e dos movementos sociais contemporáneos (ecoloxismo, nacionalismo, feminismo, antiglobalización).

O.X.11.- Adquirir un coñecemento fundamental do funcionamento das democracias contemporáneas en relación os réximes non democráticos e ser capaz de analizar e valorar a nivel empírico as dificultades que atravesan os países en vías de democratización.

O.X.12.- Comprender o funcionamento dos principais compoñentes a nivel político e institucional que conforman o sistema político español, europeo e galego así como manexar os principais conceptos constitucionais e ser capaz de realizar unha análise comparativa.

O.X.13.- Coñecer as principais familias de ideoloxías políticas dende a súa complexidade e variedade interna e entender a súa dinámica dende un coñecemento académico da dinámica das ideoloxías políticas. Introducirse no estudo dos pensadores, argumentos e conceptos máis significativos.



O.X.14.- Estudar a política en tanto resultado afondando no coñecemento do ciclo das políticas públicas, así como a dinámica da burocracia e administración pública, os grupos de presión e demais actores de políticas.

Para o tema 2 da materia —que constitúe o obxecto desta unidade didáctica— establécense os seguintes obxectivos específicos (O.E.):

O.E.1.- Coñecer as principais definicións clásicas do concepto de política aproximándose os seus atributos máis destacados. Asemade, entender a relación entre ditas definicións e o contexto histórico no que os seus autores a formularon.

O.E.2.- Comprender a conexión entre o concepto de política e o concepto de poder a través do seu desenvolvemento histórico así como apreciar a existencia de dous grandes paradigmas do poder.

O.E.3.- Valorar as implicacións derivadas de diferentes nocións do concepto de política á hora de entender a conformación das institucións e culturas políticas.

O.E.4.- Afondar nas diferentes teorías da lexitimidade na historia do pensamento político en aras de coñecer tamén os paradigmas de poder, autoridade e política que foron sucedéndose até a era democrática.

O.E.5.- Analizar a relación entre a política e a moral nunha perspectiva histórica e rastrear o auxe e declive do concepto aristotélico de política e das concepcións do dereito natural.

O.E.6.- Valorar a pertinencia das teorías que anuncian a fin da política en relación coas transformacións sociais e políticas acontecidas nas últimas décadas, en concreto tendo en conta as premisas e consecuencias normativas que implican.

Estes obxectivos específicos irán encamiñados á consecución dos xerais 1, 5, 6 e 7.

## **A METODOLOXÍA**

Os contidos desta unidade didáctica desenvolveranse a través de clases expositivas e interactivas. Os contidos teóricos serán expostos coa axuda de medios audiovisuais como as proxeccións de presentacións con diapositivas e a realización de esquemas no encerado. Asemade, boa parte dos contidos teóricos desenvolvidos nas aulas estarán dispoñibles para todo o alumnado no Campus Virtual, onde xunto coas presentacións con diapositivas achegaranse os artigos e documentos que constitúen a bibliografía básica da unidade didáctica.

As clases prácticas centrarán boa parte da metodoloxía desta unidade didáctica. A dinámica será de tipo interactivo motivándose en todo momento a continua participación dos alumnos a partir das instrucións sinaladas a tales efectos. Os soportes para o desenvolvemento das prácticas serán de tipo audiovisual e textual. Porase a dispor do alumnado tanto no Campus Virtual coma na aula os esquemas, instrucións e demais material pertinente e necesario para guiar ditas prácticas.

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

### 1. Comentarios de texto

Nas sesións interactivas realizaranse comentarios de carácter individual ou en grupo sobre fragmentos de textos que xirarán en torno a unha serie de cuestións e preguntas deseñadas co fin de aplicar os contidos aprendidos nas clases expositivas e de examinar as teorías dende un enfoque analítico. Algúns dos comentarios traeranse preparados xa da casa para facilitar a posterior posta en común das ideas nun debate en grupo na clase, e outros realizaranse de modo presencial logo da lectura do contido pertinente.

Os comentarios de texto servirán de estímulo para o comezo das reflexións sobre as cuestións teóricas centrais da unidade didáctica. Centraranse entre outras na análise de diversas definicións de conceptos clave da teoría política como o propio concepto de política ou o de poder, autoridade e lexitimidade, así como sobre a teorización da relación entre política e moral. Ditos textos extraeranse de obras fundamentais da teoría política e a historia do pensamento así como de artigos de opinión sobre temas actuais.

No anexo 1 amósasen a modo de exemplo algúns fragmentos dos textos que serán en extenso materia de ditas clases interactivas.

### 2. Comentarios críticos a partir do visionamento de documentais ou películas

De modo alternativo ou complementario ao comentario de fragmentos de textos poderase suxerir asemade a realización dunha actividade práctica a partir do visionamento dalgún fragmento de películas ou documentais sobre o tema. O fin da actividade será que o alumno visualice mellor os contidos da unidade. Dito visionamento comezarse a proxectarse na aula e continuarase na casa. Finalmente, procederase á elaboración dunha recensión crítica do material que permita ao alumno manexar os coñecementos adquiridos nun marco máis amplo e dinámico. O traballo será obxecto dunha posterior posta en común das ideas nun debate en grupo na clase.

No anexo 1 amósasen algúns documentais ou películas que serán propostos a modo de exemplo. Xa na aula ofrecerase a posibilidade de que os propios alumnos propoñan e opten por realizar a actividade a partir dalgún outro documental ou película de relevancia para o tema da súa suxestión.

### 3. Debates na aula

Organizaranse un total de tres debates co obxecto de fomentar a capacidade argumentativa en torno a cuestións chave do contido desta unidade didáctica. Para tales efectos, organizaranse grupos de catro ou cinco alumnos aos cales se lles será asignada a defensa dunha particular liña argumentativa. Para a preparación de tales debates será preciso un labor previo de revisión bibliográfica co obxecto de apoiar a

postura correspondente co maior número de argumentos posibles. Os debates, que versarán sobre a natureza e as transformacións da actividade política nas sociedades políticas contemporáneas, realizaranse nas últimas clases que pechen os contidos desta unidade didáctica, en aras de que o alumnado poida aplicar así a totalidade dos contidos aprendidos á propia análise da actualidade.

#### 4. Outras

Ao longo das clases expositivas intercalaranse actividades de breve duración dirixidas especificamente a ilustrar dunha forma máis visual o contido expositivo e motivar así o interese e participación do alumnado. Neste senso trataranse exercicios colectivos que xiren en torno a definición de conceptos centrais da unidade didáctica co fin de estimular ao alumno a aproximarse a definicións máis complexas a nivel académico.

### OS CONTIDOS BÁSICOS

---

O estudo científico da política esixe a clarificación de conceptos básicos en aras de lograr os obxectivos dunha investigación. Porén cómpre diferenciar entre o nivel dos labores de definición conceptual necesarios no eido de cada labor investigador onde o obxectivo se centra en manexar unha definición útil en termos heurísticos e o nivel dende o cal, pese aos esforzos encamiñados en dita liña, compréndese que ditas definicións non poden ser obxecto dunha fidelidade absoluta coa realidade do fenómeno a definir. Pois tanto a multiplicidade como a historicidade e contextualidade de dito fenómeno así o impedirían. Neste senso, os contidos da presente unidade didáctica dedicaranse a bosquexar nun breve repaso os diversos aspectos que demostran como o concepto de política, e demais termos relacionados, é un concepto multívoco e controvertido, e que recoñecelo é un primeiro e necesario paso para comprender a complexidade e, á súa vez a emoción que suscita o estudo científico da política.

#### 1. Concepto de política e a súa relación co concepto de poder

Esta epígrafe céntrase no estudo dos conceptos básicos do vocabulario da ciencia política. Comprobarase como, entre outros conceptos, o falar de política implica falar de poder así como de autoridade e lexitimidade.

##### 1.1. A definición do concepto de política

Neste apartado un dos obxectivos principais é o de comprender a imposibilidade de lograr unha definición única, absoluta e definitiva do concepto de política. Este aspecto é, como veremos, algo común ao acontecido, en maior ou menor medida, respecto a todos os demais conceptos políticos.

### 1.1.1. Dificultades en torno á definición de “política” e “político”

Cabe sinalar de entrada como estamos ante un concepto multívoco, de moitos sentidos diferentes segundo o ámbito, o momento ou o contexto espazo temporal no que se emprega, podéndose afirmar que estaríamos máis ben ante un termo que sería e foi obxecto de moitos usos conceptuais enmarcados en diversos contextos xeográficos e históricos. Á súa vez, os conceptos trazados en torno ao termos de «política» e «político» nutríronse indistintamente ao longo da historia dunha gran diversidade de connotacións normativas, tanto positivas como negativas.

Outra dificultade engadida é que, a un nivel non conceptual, a política sería un fenómeno do que non sería posible trazar uns contornos fixos: o que en determinados momentos históricos ou áreas xeográficas é considerado político non é algo válido para outros. O fenómeno da politización e despolitización das relacións humanas obxecto de conflito é pois unha constante da historia social humana. En boa medida, esta dificultade prodúcese tamén en paralelo a propia configuración da ciencia política en tanto disciplina, algo que reflicte a dificultade da propia ciencia política para acoutar o seu campo de estudo (Solozabal, 1984).

Como afirma Mark Warren (1994), de como definamos «política» derívanse as propias posibilidades da política na súa dimensión democrática. Deste modo, ningunha definición é neutral nas súas consecuencias e toda concepción da política e do político atópase nun horizonte normativo.

Nesta epígrafe abordaranse así as características do termo que imposibilitan a formulación dunha definición universal, positiva e científica e aceptada por todos. Asemade presentárase, a modo de demostración, as limitacións dalgúns intentos definitorios que obviarían ditas limitacións.

### 1.1.2. Algunhas definicións clásicas e da academia.

Como afirma Abellán (2012), o termo «política» foi transportando significados distintos ao longo da historia e ademais utilizáronse palabras distintas para un mesmo fenómeno ou concepto. Estamos pois ante un termo común, moi utilizado na linguaxe cotiá, pero que non obstante resulta especialmente controvertido.

Por política entendéronse sempre aspectos moi diferentes. Política como acción guiada por un fin moral, política como bo goberno, política como conxunto de accións dirixidas a resultados independentemente da base moral, ou política como accións encamiñadas á consecución do poder. Asemade, por coñecemento político entenderase cuestións diferentes en caso de que a política consista na procura da felicidade ou o ben común, ou na loita do poder, ou que considerase que a política precise do coñecemento derivado da experiencia histórica, do uso das facultades racionais ou que, pola contra, se trate dunha arte dificilmente alcanzábel.

Neste apartado verase como o concepto de política se desenvolve xunto a outros conceptos vinculados como o de «república» na Idade Moderna. Leonardo Bruni traduce por *res publica* o termo aristotélico de *politeia*, o cal provocou que legase no concepto de política significacións propias da tradición romana da república. Por outra banda, o mesmo concepto de política pode referirse a diversas dimensións da

realidade. Así, en Maquiavelo «política» significará dúas cuestións diferentes: tanto o bo goberno como a técnica apropiada para conseguir e conservar o poder. O caso contrario, no que o mesmo concepto vén significado en distintos termos poderíase exemplificar coa equivalencia que durante varios séculos até entrado o século XIX estableceríase entre «político» e «civil».

Como sinala Solozábal (1984), as definicións do concepto de política poderíanse clasificar en tres tipos: etimolóxicas, tradicionais e funcionais. As primeiras centraríanse nas raíces etimolóxicas do termo “política”, entendendo por “política as actividades que se refiren ao goberno da cidade e por “político”, na liña de Aristóteles, a condición dos seres humanos que pola súa natureza, e a diferenza de deuses e animais, precisan da cidade, da sociedade humana para vivir. As definicións tradicionais, como a que ofrece, por exemplo, o pensamento tomista que concibe a política como actuación dos gobernantes en aras do ben común e a xustiza. As definicións funcionais, como a que ofrece o pensador francés De Jouvenel, concibirían a política como unha actuación no seo dun grupo tendente a edificar e garantir a orde e estabilidade do mesmo. Os problemas destas definicións serían, no caso das etimolóxicas a súa excesiva amplitude e a pouca información que ofrecen, no caso das tradicionais a limitación da política ao goberno, e no caso das funcionais a escasa realización do eido da política ao facelo indistinguible doutras esferas como a relixiosa ou a económica.

Asemade, contemplanse algunhas definicións e concepcións relevantes da política dende unha perspectiva histórica. Deste modo, veremos como no século XIX un gran número de teorías e aproximacións ideolóxicas, dentro das cales destacarían as de índole liberal, operan o que daría en coñecerse como a separación normativa, e conceptual, entre política e sociedade, unha separación non sen poucas repercusións. Á súa vez, veremos, como seguindo as ideas expresadas por Marx nalgúns dos seus escritos, a disolución da política cobraría un interese normativo de primeiro orde, algo que, por outra parte, non sería novo na historia intelectual. Asemade, en certos desenvolvementos da teoría política liberal, sobre todo de cuño libertario ou neoliberal a política, identificada co Estado, deixa de ser unha garantía para converterse nunha ameaza a liberdade individual. Por outra banda, reflexionárase sobre a primacía ou, pola contra, conculcación da política por parte dos pensamentos ligados ao totalitarismos do século XX.

Dentro das definicións utilizadas no eido académico da ciencia política, poderíanse extraer unha serie de atributos que, segundo cada corrente e enfoque de pensamento clásico, poderíanse listar, a modo de exemplo, nas seguintes (Vallés, 2000; Uriarte, 2002; Caminal, 2005; Colomer, 2009; Sodaro, 2010...):

- A política é igual á procura de poder, é unha actividade relacionada coa consecución e o exercicio do poder
- A política e o conxunto de relacións que traban os individuos para definir e influír na contorna das organizacións políticas que ditan as normas que rexen as súas vidas, un conxunto de relacións polas que se intenta definir e impoñer de forma máis ou menos consensuada as normas vinculantes para toda a sociedade.

- A política é igual a participación por parte dos individuos e grupos na definición das normas que rexen a sociedade.
- A política é igual ao proceso polo que as comunidades perseguen obxectivos colectivos e abordan o intento de resolver os seus conflitos no marco dunha estrutura de regras, procedementos e institucións co obxectivo de acadar solucións e adoptar decisións aplicables pola autoridade estatal ao conxunto da sociedade.
- A política consiste en toda actividade realizada polo estado ou as institucións públicas. A política é o goberno das situacións sociais mediante o poder estatal
- A política é actividade dirixida ao goberno da situación da sociedade mediante o poder política para determinar metas e manter a orde do conxunto.
- O obxectivo da política é o de realizar a provisión de bens públicos en prol da mellora do benestar dos membros da comunidade.

## 1.2. Politics, Policy, Polity

A mediados do século XX, David Easton (2001) formula a súa noción de sistema político estruturando dende entón un marco ineludible co cal delinear o obxecto da ciencia política. Debedor dos modelos da cibernética, este modelo concibe o sistema político en termos de demandas (*inputs*), proceso e resultados (*outputs*), algo que delinea tres grandes aproximacións dende as que contemplar o fenómeno da política, tamén expresable cos termos presentes no eido anglofalante de *polity*, *politics* e *policy*.

Neste apartado procederáse así a delinear dun modo introdutorio, a noción de sistema político –que se verá en profundidade na Unidade Didáctica terceira– de modo que se proceda a valorar a utilidade desta noción á hora de abarcar na súa complexidade as diversas arestas do fenómeno da política e do político. Asemade delinearanse as críticas que recibiu dita noción, algunhas das cales estarían enfocadas ás dificultades que suscita á hora de posibilitar o estudo do cambio e a transformación políticas.

## 1.3. Política, Poder e Lexitimidade

### 1.3.1. Política e Poder

Falar de política implica intuitivamente e en moitos casos referirse á noción de poder. Como explica Máiz (2003), no seo da teoría política normativa deuse en conformar historicamente dúas grandes formulacións do concepto de poder. Unha primeira visión do poder estaría ligada á cosmovisión xurdida da revolución científica do século XVII a partir da cal o poder se concibiría como unha relación causal entre un suxeito axente e outro paciente. Bacon, Hobbes, Descartes, Hume, ou máis contemporaneamente Russell ou Dahl serían algúns dos seus máis destacados

teóricos. Unha segunda visión, á sazón minoritaria, que partiría do legado do pensamento clásico, concibiría o poder como a capacidade humana dirixida á realización dunha finalidade ou *telos* concreto: o ben da comunidade política. Estas dous nocións do poder, irían paralelas a dúas nocións de política, visións polarizadas que reflectirían e a súa vez terían consecuencias sobre a ordenación das propias sociedades políticas. Neste apartado contempláranse de modo pormenorizado ditas nocións.

### 1.3.2. Poder e lexitimidade

Xunto as concepcións en torno ao poder, desenvolveríase a noción de lexitimidade. A lexitimidade, que pódese, a modo de definición inicial, concibirse como a capacidade para conseguir que os límites do poder sexan aceptados (Vallés, 2000, 40), é un atributo que buscan no exercicio do seu poder tanto os réximes democráticos como non democráticos. Así, a lexitimidade sería unha “necesidade” que levaría aos detentores do poder a non repousar as súas decisións unicamente sobre a base da violencia ou a coacción, senón sobre todo na maior ou menor conformidade co conxunto de valores e crenzas dunha determinada comunidade política.

Neste apartado procederáse a distinguir a noción de lexitimidade da de legalidade, así como a sinalar, seguindo a coñecida proposta de Max Weber, as diferenzas entre as fontes posibles de lexitimidade. Dende unha proposta máis contemporánea David Beetham afirmaríase que a lexitimidade é un concepto multidimensional (Beetham, 1991). Engloba tres niveis diferentes entre si e só se podería afirmar que unha relación de poder será lexítima en tanto: está en conformidade con regras de establecidas; as regras poidan ser xustificadas sobre a base dun conxunto de crenzas compartidas tanto por gobernantes como por gobernados; exista unha evidencia de consentimento polos subordinados sobre unha relación particular de poder. O primeiro nivel sería o das regras, o segundo o das xustificacións baseadas nas crenzas e o terceiro o das accións. Estas tres condicións serían necesarias pero a lexitimidade sería unha cuestión de grao. A lexitimidade pode ser incompleta ou discutida pero o importante é en que medida ditas dimensións son respectadas.

Asemade, é preciso salientar a cuestión de que a lexitimidade nas tres vertentes da concepción weberiana –lexitimidade tradicional, carismática ou racional– estaría vinculada á crenza na lexitimidade, isto é, sería lexítimo aquel poder que é tido por lexítimo. Así, no caso dos sistemas políticos contemporáneos, a lexitimidade dunha decisión o sería se dita decisión, ou a autoridade da cal emanou, ten unha *orixe* legal, así como que o *exercicio* polo cal se leva a cabo tamén cumpre coa legalidade. Isto forneceria unha concepción moi estreita da lexitimidade, non recoñecendo o rol que a manipulación podería ter na conformación dunha aparencia da legalidade. Así, dende unha perspectiva democrática deliberativa, sería preciso engadir que unha decisión ou autoridade sería lexítima en tanto foise xustificada no seo dun proceso deliberativo, no cal a liberdade e igualdade das partes fose a norma (Del Águila, 2003).

## 2. Política e moral

A relación entre moral e política pódese contemplar como unha relación de feito. As normas morais sobre o bo e malo a nivel das condutas privadas e da comunidade onde se desenvolven os individuos reflíctense na esfera da política, e, a súa vez, a política xera e se conforma a unha moral ou *ethos* colectivo. Pero tamén se pode expresar a relación en termos ideais, importando xa non a moral realmente vivida senón a moral que reflexiona sobre si mesma, isto é, o nivel da ética. (Arteta, 2003)

A política realízase só nun marco colectivo mentres que a moral o faría inicialmente a un nivel individual, a primeira xustificándose en termos públicos do ben común e a segunda en termos privados do ben privado. A política precisaría da coacción e da violencia para executar os seus mandatos mentres que a moral só pode exercerse a través da persuasión e a convicción persoal. Todo o cal redúcese teoricamente á diferenza entre a autonomía da moral e a heteronomía da política. Pero pese ás diferenzas que se poden establecer entre a moral e a política, ambas traban unha relación indiscutible.

Nesta epígrafe abordarase de modo sintético as principais contribucións dende a teoría política normativa da relación entre a política e a moral.

### 2.1. Un breve repaso polas nocións de política na historia do pensamento político

Segundo a Abellán, poderíase afirmar que as reflexións sobre a política terían en maior medida en contar as calidades e virtudes morais dos gobernantes naquelas épocas nas que o poder político tería aínda trazos de carácter persoal e estaría por tanto escasamente institucionalizado. (Abellán, 2002, 26)

Na tradición greco-ciceroniana e cristiá, a política atopábase subordinada á moral de xeito que tantos os fins como os medios da política debían ser morais. A importancia da noción de política en Platón e sobre todo en Aristóteles na filosofía política posterior da Europa Moderna é, deste xeito, algo ineludible, resoando na contemporaneidade o eco normativo das ideas de tanto percorrido histórico que concibe a política como unha actividade para que os cidadáns poidan ter unha vida boa e virtuosa.

A historia do concepto de política na Idade Media sería unha coda sobre o concepto aristotélico. Ditas ideas serían cuestionadas por primeira vez dunha forma contundente co pensamento de Maquiavelo no Renacemento, quen considerará como esencia e razón de ser da política o desexo de acadar o poder por parte dos gobernantes. Así, dende comezos do que deu en denominarse Idade Moderna a reflexión política nútrese de novos obxectivos e medios ao socairo do proceso histórico de creación do propio Estado Moderno. Deste modo, a política comezaría segundo moitas tradicións de pensamento a desvincularse da filosofía moral, inverténdose así a relación entre a política e a moral, sendo a moral a que atoparíase subordinada aos intereses do Estado. Visión que serviría de base para o desenvolvemento dunha tradición de pensamento realista que, con importantes contribucións a finais do XIX e no século XX, concibirá a política ao marxe de confinamentos morais. Algo que



porén non tería efecto nalgúns teóricos fieis a tradición aristotélica ou naqueles outros xuristas e intelectuais que sentan as bases do coñecido como Dereito Natural, os cales desprendéndose da escasa efectividade das nocións clásicas, tan xerais, como «ben público e común» o «felicidade da comunidade», elaboran, sobre todo ao longo do século XVII, complexos tratados para elucidar os principios xurídicos e racionais que deben rexer o goberno das sociedades políticas.

Xa no século XVIII, teóricos como Kant ou Humboldt así como os ilustrados enciclopedistas na liña de Rousseau elaboran as súas teorías políticas baixo a premisa de que a política e o Estado deben suxeitar as súas actividades a principios morais.

No século XIX e XX prodúcense diversos desenvolvementos teóricos que renuncian a estudar primordialmente a política dende unha perspectiva normativa elaborando enfoques sociolóxicos ou debedores de visións que outorgan primacía á esfera económica en detrimento da política, tendencia que acada o seu cénit máis significativo coa hexemonía do *behavioralismo* e o positivismo nas décadas centrais do século XX nos departamentos de ciencia política. Con todo, a convivencia de enfoques normativos e realistas ao coñecemento da política e por tanto á propia concepción da política é hoxe unha constante propia de calquera área de estudo da política.

## 2.2. Tres modelos diferentes de relación entre política e moral

Neste apartado estudarase como a contribución de Maquiavelo supón un referente clásico dos intentos normativos de separación da ética e a política en aras da consecución da autonomía da esfera de actividade política. Un modelo que, oporase non só ás concepcións aristotélicas que perfilan a política como a actividade na que se perfeccionaría a virtude dos homes, senón tamén fronte a propostas máis modernas como a kantiana na que a política debe subordinarse á ética.

Pero tanto o realismo que ten a Maquiavelo como o seu referente, como o idealismo que o tería en Kant, poderían incorrer en certos perigos. O realismo podería derivar en pragmatismo, reducindo a política á técnica, ou en cinismo; mentres que o idealismo podería, a costa de afastarse da realidade, caer no moralismo máis abstracto. (Arteta, 2003)

Por outra banda, nunha perspectiva contemporánea, Habermas, na súa articulación da racionalidade discursiva da praxis, sentaría as bases morais para un entendemento da política como deliberación ao incidir nas condicións universais da práctica comunicativa humana; acercando neste senso a política á todo tipo de actividade humana comunicativa.

## 2.3. A noción dunha ética particular para a política

Neste apartado contemplaremos como na historia do pensamento político existirían dous grandes conxuntos normativos que teñen en común a idea de que a política en tanto actividade esixiría unha moralidade particular. (Bobbio, 1991)

### 2.3.1. Política e Razón do Estado

As teorías en torno á razón do estado formuladas no século XVII, imaxe no plano das ideas do proceso de centralización das monarquías estamentais, recollían a noción de que o gobernante podería conculcar a moral e o dereito en aras dos intereses do estado, unha serie de formulacións plenamente opostas á noción aristotélica da política como bo goberno da comunidade.

### 2.3.2. Política e ética da responsabilidade

Pódese atribuír a Max Weber a decisiva contribución da diferenza entre ética da convicción e ética da responsabilidade. Deste modo, fronte ás aproximacións moralistas da política, entenderíase que esta esfera de actividade humana rexeríase por un tipo de moralidade particular caracterizada pola atención as consecuencias derivadas de calquera acción política, o cal, fronte ás tradicións aristotélicas expandiría o tipo de accións políticas moralmente permisibles.

## 3. Ante a fin da política?

Nesta epígrafe dirixiremos finalmente a mirada aos debates recentes en torno ao auxe ou declive da política en tanto actividade humana na contemporaneidade analizando os argumentos a favor ou en contra da discutida tese da fin da política.

### 3.1. A fin da política: unha realidade

Como eco da famosa tese do fin da historia formulada por Francis Fukuyama en 1992 xorde a problemática do estatus da política ante ao que deu en concibirse como a insubstituíbidade e progresiva extensión máis aló do contorna occidental da economía de mercado e do modelo de democracia liberal.

Ditas afirmacións non resultan novas se temos en conta a tradición das ideas da tecnocracia formuladas nos anos trinta onde se substitúe a política polo ideal da «administración das cousas» ou a interpretación das ideas de Marx no tocante ao comunismo como estadio final onde o goberno e a política darían lugar a auto-regulación e por tanto á disolución da política. Pero ao marxe dos enfoques normativos, a realidade contemporánea indicaría cómo moitas decisións públicas serían en realidade tomadas ao marxe dos cidadáns e dos mecanismos de representación, por parte de institucións políticas non estatais de científicos e de técnicos.

Nas últimas décadas do século pasado, chama a atención dende os anos 70 nas democracias industriais avanzadas a aparición de síntomas dun *dealignment* caracterizado pola crecente volatilidade electoral, a decrecente afiliación e niveis de confianza nos políticos e o xurdimento de actores alternativos aos partidos. Á súa vez proliferan a creación de novos partidos «anti-partidos», de partidos que se definen pola consecución de políticas temáticas así como dos chamados

*cartel party*, todo o cal salientaría a aparente perda dos vínculos entre cidadanía e os partidos tradicionais, levando a moitos a afirmar o inevitable da «crise dos partidos». Para outros, en cambio, estaríamos ante unha americanización da política europea, denotada polo maior protagonismo dos líderes, un declive da ideoloxía, e a converxencia en torno a estruturas de *catch all party*. Todos estes fenómenos abundarían nunha transformación da dinámica política tradicional.

Noutra orde de fenómenos, moitos interpretarían a fin da política en conexión co aparente dominio do neoliberalismo a partir da década dos 80 como ideoloxía dominante ou única na economía e por extensión na conformación ideolóxica das sociedades capitalistas avanzadas. Unha interpretación na cal resoaría o eco da visión dos teóricos da fin das ideoloxías dos anos 50 en relación ao outrora dominante paradigma do Estado de Benestar.

### 3.2. A fin da política: unha falsa alarma

Dende outra perspectiva, os anteriores fenómenos non significarían a fin da política senón a transmutación do escenario e por tanto do fenómeno que nel tiña lugar, isto é, da dinámica política tal e como viña desenvolvéndose con anterioridade. Neste senso, a proliferación de novos actores políticos e colectivos como os partidos anti-políticos ou os constantes fenómenos de *dealignment* e *realignment* electoral, serían máis ben a imaxe dunha situación onde, como resposta a uns escenarios públicos cada vez máis complexos, os partidos reformularían as súas ideoloxías e programas en consonancia. Así, xunto ao neoliberalismo, a constante reformulación das ideoloxías provenientes da esquerda, como a *New Left* ou as Terceiras Vías, ou, noutra orde de cousas, o crecente impacto dos partidos radicais de esquerda ou dereita, impedirían falar dunha suposta homoxeneidade dos enfoques ideolóxicos á política e por tanto dita fragmentación da escena política non significaría unha fin da política ou da ideoloxía senón un rexurdir, dende outras arestas, da contestación política nas sociedades contemporáneas. (Talshir, 2005)

A complexidade actual non se relacionaría coa fin da política senón coa crecente necesidade desta para lidar coas continxencias e esixencias dun espazo público cada vez máis convulso. Por unha banda, a continuidade das grandes brechas e diferenzas que ameazan a certeza e a estabilidade da convivencia humana a nivel mundial, estatal ou local, ou a aparición de novos riscos e ameazas, Por outra, fronte a un “mundo único” como resultado da globalización emerxen “moitos mundos”, nas que as diferenzas en termos de desigualdade e prosperidade son moi visibles. Neses mundos a política segue clamando a súa vixencia (Vallés, 2000).

Por outra banda, para algúns sería preciso dar conta da intrínseca relacións destes debates non tanto coa realidade substancial da política contemporánea senón cos modelos normativos que interpretan dita realidade. Así, por exemplo, boa parte dos discursos que abundan na importancia de recobrar o protagonismo da sociedade civil terían como consecuencia unha gran variedade de conclusións non só anti-estatistas senón tamén anti-políticas. (Vallespín, 1996)

Deste modo, cabería concluír en primeiro lugar que, seguindo algunhas posicións teóricas, en tanto non sería posible “retornar” ao estadio das sociedades primitivas sen política, as diferenzas no eido das agrupacións humanas, propulsoras do conflito político, serían un trazo antropolóxico e social ineludible.

Por outra banda, se ben non se pode falar da fin da política tal vez sexa preciso matizar que é precisamente a propia natureza da política a que se atopa sendo obxecto de contestación, pois fronte unha política tecnocrática, xorden demandas democráticas en prol dunha política non centralizada, menos exclusiva ou controladora, e por tanto oposta as tendencias tecnocráticas e defensora dunha democracia máis radical. Deste modo, as demandas de politización e despolitización convivirían nun mesmo escenario de tensión e antagonismo da vida política.

## AVALIACIÓN

---

### 1. Avaliación procesual

Ao remate de cada sesión interactiva o alumnado, de modo individual ou en grupo segundo o caso, entregará os resultados do seu traballo previamente comentado e debatido na aula. Os resultados destas probas avaliaranse tendo en conta o grao en que o alumnado é capaz de aplicar os conceptos e teorías aprendidos nas clases, a capacidade de desenvolver unha postura teórica propia e de analizar e razoar criticamente os supostos, textos ou documentos propostos.

### 2. Avaliación final

Os contidos teóricos desta unidade didáctica avaliaranse no exame final conxuntamente co resto de contidos da materia. Constituindo boa parte dos contidos desta unidade didáctica un eixe central de toda materia, a súa avaliación pode, segundo o caso, ser transversal á realización das preguntas ou dos exercicios de carácter teórico-práctico que sexan o obxecto do exame final.

## BIBLIOGRAFÍA

---

ABELLÁN, Joaquín (2012): *Política. Conceptos políticos fundamentales*. Madrid: Alianza Editorial.

ARTETA, Aurelio (2003): «Moral y política», en ARTETA, Aurelio; Elena GARCÍA y Ramón MÁIZ (2003): *Teoría política: poder, moral, democracia*, Madrid: Alianza Editorial, 116-132.

BEETHAM, David (1991): *The legitimacy of power*. London: Macmillan Education

BOBBIO, Norberto (1991): «Política», en BOBBIO, Norberto (et al) (1991) *Diccionario de política*, México: Siglo XXI Editores, 1215-1225

CAMINAL, Miquel (2005): «La política como ciencia», en CAMINAL (2005) *Manual de Ciencia Política*, Madrid: Tecnos, 19-36.

- COLOMER, Josep M. (2009): *Ciencia de la política*. Madrid: Ariel.
- DEL ÁGUILA Rafael (1997): «La política: el poder y la legitimidad», en DEL ÁGUILA, Rafael (1997): *Manual de Ciencia Política*, Madrid: Trotta.
- EASTON, David (2001): «Categorías para el análisis sistemático de la política», en *Diez textos básicos de Ciencia Política*, Madrid: Ariel, 221-230.
- MÁIZ, Ramón (2003): «Poder, legitimidad y dominación», en ARTETA, Aurelio; Elena GARCÍA y Ramón MÁIZ (2003): *Teoría política: poder, moral, democracia*. Madrid: Alianza.
- MOUFFE, Chantal (2005): «The 'end of politics' and the challenge of right-wing populism», en PANIZZA, Francisco, *Populism and the Mirror of Democracy*. London: Verso, págs. 50-71.
- SODARO, Michael et al. (2006): «Los grandes temas de la ciencia política» en *Política y Ciencia Política: una introducción*. Madrid: McGraw-Hill, 1-17.
- SOLOZABAL, Juan José (1984): «Una nota sobre el concepto de política». *Revista de Estudios Políticos*, (42), 137-162.
- TALSHIR, Gayil (2005): «The phoenix of ideology». *Critical Review of International Social and Political Philosophy*, 8(2), 107-124.
- URIARTE, Edurne (2002). *Introducción a la ciencia política: La política en las sociedades democráticas*. Madrid: Anaya.
- VALLÉS, Josep M<sup>a</sup>. (2000): *Introducción a la ciencia política*, Barcelona: Ariel
- VALLESPÍN, Fernando (1996): Sociedad civil y «crisis de la política». *Isegoría*, (13), 39-58.
- WARREN, Mark. E. (1999). «What is political?», *Journal of Theoretical Politics*, 11(2), 207-231.

## ANEXOS

---

### 1. Ejemplos de textos

#### Comentario de Texto 1)

*Na actualidade, ninguén pode afirmar que o exemplo sexa unha categoría política vixente. É, sen dúbida, unha realidade moral cotiá: todos vivimos nunha rede de influencias mutuas, somos exemplo para os demais e os demais o son para nosoutros. Tamén no eido político a importancia do exemplo e diariamente evidente: os políticos son fonte de moralidade o inmoralidade pública, aproban leis pero tamén xeran co seu comportamento costumes cívicas ou incívicas [...] A virtude política é o concepto forza da filosofía política dende os gregos até o Renacemento [...] Hai, en primeiro lugar, unha virtude que se predica dos cidadáns e que consiste na decisión destes de antepor o ben común e a felicidade pública aos intereses privados individuais, o que os move a participar nos asuntos políticos da república. O pensador desta clase de virtude-participación é Aristóteles. Logo está a virtude específica do gobernante, o cal, como non pode ser doutra forma, supónselle unha virtude de participación nos asuntos públicos, pero a quen ademais é esixible ser un vir virtuais, un home de virtude en canto posuidor dunha virtus generalis, un compendio de todas as virtudes humanas, o que hoxe denominaríamos máis comunmente exemplaridade.*

[...] Para os tratadistas florentinos do século XV, o grande inimigo da política e a gobernación é a adversa Fortuna e o único remedio contra ela é a virtude, pois, proclaman con reiteración, solo virtú vince fortuna. [...] Con Maquiavelo e Lutero prodúcese a transición dunha teoría política baseada na virtude a outra baseada no poder coactivo, onde a exemplaridade, cuxa forza é de natureza persuasiva, non ten cabida algunha... O que interesa destacar agora é que nin no absolutismo nin na forma que o liberalismo adoptou durante a ilustración dieciochesca, a exemplaridade pública pode asumir, como antes, función algunha, porque a teoría da exemplaridade e das virtudes políticas cre na influencia social e cívica do comportamento ético dos gobernantes e isto resulta incompatible cunha concepción que fai descansar a política na forza e nas súas limitacións. [...] Son, en fin, da opinión de que, nunha época como a nosa, na que o Estado de Dereito está plenamente consolidado, é posible e aínda necesario recuperar a noción de exemplaridade política no seo da teoría democrática. Aínda que sexa unha doutrina que floreceu nos séculos aristocráticos, a Modernidade non debería prescindir dela nin descoñecer que, por moito que nas democracias parlamentarias a lexitimidade do poder político dimana das leis aprobadas por cámaras representativas, o cumprimento efectivo desas leis depende dun hábito cívico, e na xeneralización deste hábito a exemplaridade das persoas públicas, como fonte de moralidade social que indubidablemente é, ten un papel que non foi destacado suficientemente. Algúns teóricos do republicanismo e do comunitarismo, a maioría do ámbito anglosaxón, recuperaron a noción de virtude-participación, de filiación aristotélica. Pero tan importante como esta é a virtude-exemplaridade das persoas públicas. A súa realidade empírica e cotiá é indiscutible, pero falta a súa conversión en categoría política.

Javier Gomá Lanzón (2004): *El Ejemplo como categoría política*. (fragmento traducido ao galego)

Dispoñible en: ([http://elpais.com/diario/2004/12/11/opinion/1102719608\\_850215.html](http://elpais.com/diario/2004/12/11/opinion/1102719608_850215.html))

Preguntas para orientar o comentario:

- 1) Que tese principal defende o autor deste artigo?
- 2) Que dúas nocións de poder asociadas respectivamente a dúas visións da ética política contrapón no texto? Por que razóns un exercicio do poder baseado na coacción non permite o florecemento da exemplaridade?
- 3) A que se refire o autor cando fala de «exemplariedade»? Poña algún exemplo.
- 4) Que relación cre que ten o argumento defendido coa clásica contraposición na historia do pensamento político entre goberno de persoas e goberno de leis? Cal é o reto que afrontan as democracias liberais contemporáneas neste sentido?

### Comentario de Texto 2)

*Como consecuencia da hexemonía neoliberal, as decisións máis decisivas en torno as relación económicas e sociais foron eliminadas do terreo político. Os partidos políticos democráticos tradicionais foron incapaces de afrontar os problemas sociais*

*dunha forma político, e isto explica o rol crecente desempeñado pola esfera xudicial como o terreo onde os conflitos sociais atopan unha forma de expresión. Hoxe, debido a falta dunha esfera pública democrática onde a confrontación política poida ter lugar, é o sistema legal o responsable da organización da co-existencia humana e a regulación das relacións sociais. Este desprazamento do político por parte do terreo legal como o eido onde os conflitos son resoltos ten consecuencias moi negativas para o proceso democrático. Sen dubida, isto encaixa coa visión dominante de que se deben artellar solucións “imparciais” para os conflitos sociais, pero aquí é onde precisamente atópase o problema. Non existen solucións imparciais na política, e é precisamente esta ilusión de que agora vivimos en sociedades onde os antagonismos políticos foron erradicados o que fai imposible que as paixóns políticas sexan canalizadas a través dos partidos democráticos tradicionais.*

MOUFFE, Chantal (2005): *The ‘end of politics’ and the challenge of right-wing populism* (págs 54-55) (fragmento traducido ao galego)

Preguntas para orientar o comentario:

- 1) Cal é a idea principal do parágrafo? Que entende a autora por «política»?
- 2) Por que razóns, a maiores das analizadas pola autora, cree que estaríase a substituír a política na contemporaneidade? Que outros exemplos de instancias, a parte da xudicial, poderían estar desempeñando funcións que corresponderían á política? Que posicións teóricas e ideolóxicas defenderon no pasado ou defenden no presente esta situación de marxinação da política?
- 3) Por que é, segundo a autora, prexudicial dita situación para a democracia? Cales cre que son os argumentos que defenden que unha política consensual se ten virtudes para a democracia? É a democracia de tipo representativa máis proclive ao esgotamento da política?
- 4) A autora afirmaríala, no conxunto do texto de onde provén o fragmento, que dita confinamento do antagonismo político ao marxe dos partidos tradicionais é unha das causas do xurdimento dos partidos da nova dereita radical. Ante a situación da política contemporánea, matizaríala en algo dita idea? Que tipos de partidos estarían a defender a «recuperación da política»?

## 2. Exemplos de vídeos: visionamento dunha película

Título orixinal : *Mr. Smith Goes To Washington* (Cabaleiro sen espada)

Fecha de estreo: 17 Outubro de 1939

Duración (aproximada): 129 minutos

País: Estados Unidos

Director: Frank Capra

Actores principais: James Stewart e Jean Arthur

Produtora: *Columbia Pictures*

Xénero: político

Sinopse: Esta película desenvólvese no escenario dun estado ficticio dos EUA e da capital Washington DC. Un senador do estado ficticio morre e o gobernador ten que proceder a asignar ao seu substituto. Jim Taylor, o xefe do partido político no estado e outro senador do estado, Joe Paine manexan os fíos do poder para que o gobernador elixa finalmente un novo senador que sexa débil e fácil de manexar. O obxectivo: evitar que o plan ilegal que teñen entre mans relacionado coa presa de Willet Creeek saia a luz pública e sexa un plan frustrado. Porén, Mr Smith, imaxe ideal dun político virtuoso e honrado, consegue tras moitos esforzos e fracasos dar unha marabillosa lección sobre cómo e con qué virtudes morais debe funcionar a política en democracia.

Preguntas para orientar o comentario:

- 1) Que virtudes políticas, segundo o recordo do senador Paine, caracterizaban ao estilo político do defunto padre de Mr. Smith? Cree que están de actualidade ou son útiles no comportamento dos políticos contemporáneos?
- 2) Cales son obxectivos de Mr Smith para o seu mandato? Que valores morais e políticos os sustentan? Valore até que punto e en qué condicións a política debe estar subordinada aos ditados da moral.
- 3) A película reflicte moi ben a tensión entre os valores normativos da democracia e a implementación empírica da democracia. Delinea que valores democráticos se atopan baixo ameaza na película e valora até qué punto é posible ou desexable que a democracia se achegue ao ideal.
- 4) Por que diferentes razóns están interesados Mr Smith por unha banda e Taylor e Paine por outra en Willet Creek? ¿Que lle suxiren as diferentes características da concepción da actividade política de cada un dos personaxes?
- 5) Que atributos de bo cidadá ten Mr Smith? Cre que é falaz opoñer as virtudes dun hipotético bo cidadá co comportamento do peor político dun sistema democrático?
- 6) Como logran Paine e Taylor afundir a reputación de Mr Smith?
- 7) Que tipo de obstáculos no proceso legislativo afronta Mr Smith ao intentar levar a adiante o seu plan? Que tipo de problemas existirían se un político foise consecuente até o final coas súas crenzas?
- 8) Que tipos de valores propugna o sistema constitucional americano e de qué modo vense conculcados a través da práctica política habitual? Que exemplos contemporáneos podes citar ao respecto? Son conscientes os cidadás da súa conculcación? A través de que medios conséguese a súa opacidade?
- 9) Realice un comentario global da película dende a perspectiva da relación entre ética e política, enfocándose na conxuntura da democracia en tanto conxunto de valores e ideais da política contemporánea.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA